




DE LIRA A LARIÑO POLA BEIRA DO MAR



Distancia: 6,5 km (lineal)


Dificultade: baixa

Duración: 2 a 3 horas



Unha camiñada polas pedras da beirada e os carreiros máis achegados ao mar entre as localidades de Lira e Lariño, do sur de Carnota, dentro do espazo natural protexido como LIC Monte Louro, para coñecer o litoral rochoso, fortemente erosionado, polo que corren os queimacasas, cangrexos que pasan o máis do tempo fóra da auga e só se atopan en espazos con augas limpas, e que agocha, nas zonas protexidas, pequenas praias de área branca e fina – O Ximprón, Ardeleiro, Susiños, da Area,...-, coroadas por dunas nas que se desenvolven as especies propias deses medios, adaptadas á seca e á exposición ao sol e ao sal; e coídos nos que algunhas pedras, das que se atopaban debaixo durante as labores de limpeza, aínda amosan as pegadas da desfeita provocada polo afundimento do Prestige. E percorremos en parte o “Camiño Solidario” como se lle chama a un tramo deste roteiro en homenaxe ás xentes da zona que traballaron para salvar aos naufragos do Ariete, un barco da Armada que afundeu neste tramo da costa no ano 1966, do que se ergue como testemuña o monumento feito cunha áncora do propio buque, e aos voluntarios que colaboraron na limpeza do chapapote; continuando o camino chegamos ao punto máis elevado percorrido, Os Raposeiros, linde sur da reserva mariña dos Miñarzos, a primeira do litoral atlántico, creada para protexer o patrimonio natural e cultural da zona e a sostibilidade da actividade pesqueira tradicional; e camiñando logo pola beira de parcelas abandonadas e pola praia chegamos ao faro da Punta Ínsua onde rematamos o percorrido.

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2017



Praia/ coído de Xeda



Praia de Lariño

Saíndo do porto de Lira, ao pé do campo de fútbol, percorremos uns 3 km ata o Ximprón e 2,5 km máis para chegar á Praia da Area desde onde nos queda percorrer outro quilómetro de coídos e a Praia da Xeda para chegar ao pé do faro. A camiñada pódese alongar ata Ancoradoiro, xa no concello de Muros, percorrendo os 2 km da Praia de Lariño.



Coído e praia do Ximprón




Rochedo e praia de Ardeleiro



Porto das Cabras



Praia da Area



Surreseco



Praia Xeda



Monumento ao naufraxio do Ariete e placas da Ruta Solidaria



Hnkenya peploides,
a planta de dunas
que vive máis preto
do mar




Un filón de xeixo
no medio dos granitos



Queimacasas
(*Pachygrapsus*
marmoratus)

Cardo mariño
(*Eryngium*
maritimum)



Praia da Area